

MEDIACIÓN NO CONTEXTO EMPRESARIAL

28/11/2025
09:45 — 14:15 H.

Salón de actos do Colexio Oficial
de Psicoloxía de Galicia
(Rúa Espiñeira, 10-Baixo.
15706, Santiago de Compostela)



**INSCRICIÓN GRATUÍTA
ATA COMPLETAR AFORO**

ORGANIZA

Comisión Intersectorial de Mediación
do Colexio Oficial de Psicoloxía de
Galicia en colaboración co Consello
Galego de Relacións Laborais (CGRL).

MEDIACIÓN NO CONTEXTO EMPRESARIAL

O conflito é unha parte inevitable das organizacións modernas, xurdindo de tensións interpersoais, dinámicas de equipo e cambios organizativos. A capacidade para xestionar e resolver estes conflitos de maneira efectiva é esencial para manter un entorno laboral saudable, mellorar a produtividade e fomentar a cohesión interna. Neste contexto, o presente curso ten como finalidade ofrecer coñecementos, habilidades e ferramentas prácticas necesarias para abordar e resolver conflitos internos das empresas de forma construtiva, aplicando técnicas de mediación como mecanismo de resolución colaborativa. O programa céntrase en comprender o marco xurídico-laboral que subxace a estes conflitos, proporcionando estratexias para facilitar a comunicación, negociar solucións e previr a escalada das disputas.

PRESENTACIÓN

DURACIÓN

4 horas e 30 minutos

DATA E HORARIO

Venres, 28 de novembro de 2025
De 09:45H. a 14:15H.

ORGANIZA

Comisión Intersectorial de Mediación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia en colaboración co Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL).

LUGAR

Salón de actos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
(Rúa da Espiñeira, 10, 15706. Santiago de Compostela, A Coruña).

DIRIXIDO A

Psicólogas e psicólogos colexiados/as inscritos/as no Rexistro de Mediadores/as do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, psicólogos/as colexiados/as, estudantes do grao en psicoloxía e integrantes das entidades colaboradoras.

PRAZAS

Ata completar aforo **(35 prazas)**.

A participación nesta formación non habilita para o exercicio da mediación como mediador/a dentro do Acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA).

MEDIACIÓN NO CONTEXTO EMPRESARIAL

OBXECTIVOS

XERAL

Proporcionar ás persoas participantes coñecementos teóricos e prácticos, así como ferramentas específicas, que lles permitan intervir de forma efectiva como mediadoras/os na xestión de conflitos internos dentro das empresas.

ESPECÍFICOS

Achegar ás persoas participantes unha visión realista e fundamentada do modelo galego de mediación laboral, centrado na autonomía colectiva e na intervención dos axentes sociais.

Identificar os ámbitos e situacións específicas dentro das organizacións nos que a mediación pode aplicarse, con especial atención á dimensión psicosocial (clima laboral, xestión de conflitos interpersoais, cultura organizativa, etc.).

METODOLOXÍA

A metodoloxía do curso combina fundamentos teóricos con análise práctica de casos reais, garantindo que as persoas participantes poidan aplicar os coñecementos adquiridos á realidade interna das organizacións.

MEDIACIÓN NO CONTEXTO EMPRESARIAL

09:30H — 09:45H

Recepción de asistentes.

09:45H — 10:00H

Presentación e benvida.

10:00H — 10:45H

Introdución á mediación laboral no marco xurídico e institucional español.

Situar a mediación laboral no contexto normativo actual e coñecer a diversidade de modelos existentes no Estado.

Antía Sandez Callejo, *Presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais*

10:45H — 11:45H

A mediación no contexto interno das empresas.

Ofrecer ferramentas e enfoques útiles para a xestión de conflitos interpersoais ou organizacionais no día a día das empresas.

Francisco J. Medina Díaz, *Catedrático de Psicoloxía Social e das Organizacións da Universidade de Sevilla*

11:45H — 12:15H

Pausa-café.

12:15H — 13:15H

O Acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA).

Coñecer en profundidade o funcionamento do Acordo Interprofesional Galego (AGA) e o papel do Consello Galego de Relacións Laborais.

Celso Araújo Castro, *Xefe de Servizo do Consello Galego de Relacións Laborais e Responsable da xestión do AGA.*

13:15H — 14:15H

Experiencias prácticas na mediación de conflitos colectivos en Galicia.

Achegar casos reais nos que a mediación foi clave para desbloquear situacións de conflito colectivo.

Representante do sindicato CIG.

Representante do sindicato UGT-Galicia.

Representante do sindicato CCOO.

Representante da CEG.